

M a i o 2017

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA

Teatro Rosalía de Castro

Ciclo: "Os seráns no Rosalía"

Programa

Música galega. As nosas músicas

Director: J. L. Represas



5º Concerto

Xoves 25 de maio do 2017 • 20.00 horas



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

Programa

Música galega. As nosas músicas

Os teus ollos. Canción sobre o poema homónimo de Curros Enríquez. *José Castro Chané* (Santiago de Compostela o 18 de xaneiro de 1856 - Habana o 27 de xaneiro de 1917).

Vigo. 1911. Suite sinfónica sobre temas galegos. *Reveriano Soutullo* (Ponteareas, 11 de xullo de 1880 - Vigo, 29 de outubro de 1932).

- 1.- Andante - Allegro giusto - Andante
- 2.- Lento - Moderato
- 3.- Muíñeira - Allegro

Escenas del amor. Pasodobre de concerto. *Manuel Conde Carro* (Arcade-Soutomaioir 26 de decembro de 1910 – Arcade- Soutomaioir 11 de agosto de 1995).

A lenda de Montelongo. Camiño da foliada. *Bernardo del Río* (Vilagarcía de Arosa 5 de febreiro de 1893 – 5 de outubro de 1952).

Fantasia sobre tres temas galegos de *Simón Couceiro*. A Estrada 1973.

Rosa de Abril. Canción sobre o poema homónimo de *Cantares gallegos* de *Rosalía de Castro*. *Andrés Gaos*. (A Coruña, 31 de marzo de 1874 - Mar del Plata, 13 de marzo de 1959). 4'46".

Vindeiros concertos

XUÑO 2017. Os xoves na praza das Bárbaras. Cidade vella.
Xoves 1, 8, 15 e 22 de xuño. 20.00 h

Concerto extraordinario. Xoves 29 de xuño de 2017. 20.00 h. Auditorio do Ágora

Director: J. L. Represas

Programa: *Homenaxe a Torre de Hércules. 8º aniversario da inclusión da Torre de Hércules na lista do patrimonio da humanidade*

Ten a serena o canto.

Manuel Curros Enríquez (Celanova, Orense; 15 de setembro de 1851 - La Habana, 7 de marzo de 1908)

E ten a serna o canto,
i a serpe o alento;
o lago ten a onda,
Dios ten o inferno.
Ti tes de abondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

Este xoves, 25 de maio as 20.00 h e con entrada de balde, pechamos a primeira edición do ciclo "Serán no ROSALIA ca BMMC" que constou de 10 concertos dende outubro a maio. Programas nunha soa parte cunha temática particular que tivo unha grande acollida polo público da BMMC.

Para a clausura deste ciclo escollimos e ofrecemos un programa de música galega, as nosas músicas, na que a BMMC voltará a ofrecer a Suite VIGO do mestre Soutullo. Partitura capital do repertorio, estreada no teatro real de Madrid no ano 1911, logo perdida e que foi recuperada xa fai 40 anos, polo mestre Indalecio Fernández Groba e pola BMMC nunha gravación xa histórica co mestre Rogelio Groba.

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es